

CONVENIO PARA O FUNCIONAMENTO E A RESERVA DE PRAZAS PARA ALUMNADO NO
CENTRO NEUROPSICOPEDAGÓXICO
“O PELOURO”, DURANTE O CURSO 2021-2022

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten previsto formalizar con M^ª Teresa Ubeira Santoro, titular e directora do centro neuropsicopedagóxico “O Pelouro”, situado na localidade de Caldelas, Concello de Tui (Pontevedra) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de setembro de 2021 ata o 31 de outubro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

a) O sostemento, durante o curso escolar 2021-2022, do centro privado “O Pelouro” con fondos públicos, para a prestación do servizo público da educación nos termos previstos no Decreto 191/1988, do 21 de xullo, na Orde do 26 de abril de 1977, pola que se concede autorización definitiva de funcionamento ao centro “O Pelouro” para catro unidades de pedagogía terapéutica e na Orde do 19 de outubro de 1978, pola que se concede autorización definitiva de funcionamento ao centro non estatal de educación especial “Parvulario Santoro”, en Caldelas de Tui (Pontevedra) para dúas unidades de preescolar-xardín de infancia.

b) A reserva e ocupación de prazas de residencia para alumnado con trastornos de personalidade e de conduta no citado centro, durante o curso escolar 2021-2022.



c) Definir o marco de colaboración para desenvolver, con carácter experimental, a prevención, a integración, a atención docente, psicosocioasistencial e para o lecer dos/as nenos/as e xoves con trastornos de personalidade e de conduta, e tamén a de aqueles/as en situación de risco para o seu desenvolvemento evolutivo, así como para a adecuada orientación ás familias e aos centros escolares aos que asista alumnado destas características.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Coa finalidade de continuar prestando o servizo público educativo aos alumnos escolarizados no centro e cumprir o establecido no Decreto 191/1988, do 21 de xullo (Diario Oficial de Galicia do 8 de agosto), que dispón, no artigo 2, que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade subscribirá un convenio co centro onde se contemple a autorización dun réxime especial de funcionamento, así como a dotación económica para sufragar os gastos que comporta o mesmo, en todos aqueles aspectos que redunden no bo funcionamento do centro, é vontade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade manter o convenio educativo co centro para o seu funcionamento durante o próximo curso escolar 2021-2022.

Debido ao indicado anteriormente, non é posible promover a concorrência pública, polo que para a tramitación deste convenio debe terse en conta o establecido nos artigos 19.4.c) e 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25).

Concretamente o artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que:

“Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións: [...]

c) Con carácter excepcional aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública”, circunstancias que se dan no convenio que nos ocupa.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

(asinado dixitalmente)

